



M^a Luisa Boquete Pumar secretaria do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader),

Certifico:

Que o Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, na súa reunión do sete de novembro do dous mil vinte e dous, aprobou un acordo polo que se modifica a regra 4^a do Acordo do Consello de Dirección do 20 de abril de 2022 sobre os Proxectos Senlleiros da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, de xeito que pase a ter a seguinte redacción:

“4.- Entidades beneficiarias dos proxectos senlleiros.

As entidades beneficiarias das axudas para os proxectos senlleiros serán:

1. As seguintes entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro que realicen actividades en beneficio da poboación do rural galego:

- *Concellos*
- *Entidades de participación cidadá: asociacións, confederacións, federacións ou unións de asociacións que se atopen inscritas no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia.*
- *Fundacións de interese galego que se atopen inscritas no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.*

2. As comunidades de montes veciñais en man común.”

E para que conste, asino esta certificación en Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

Vº e praxe

O presidente de Agader

José González Vázquez

A secretaria do Consello de Dirección

M^a Luisa Boquete Pumar

